

LITERATURA

PRIMEIRO PREMIO - 2004

Cristalina López Rodríguez



Ilustracións: Heitor Picallo Fuentes



“Ficarei en Lisboa”

Miraba á dereita e á esquerda intentando adiviñar por cal das dúas direccións aparecería. Podería parecer unha tolada, so estiveran xuntos un par de veces e dúas cervexas non dan para coñecer a ninguén, pero falaran daquela cidade durante todo o tempo, imaxinándoa, percorréndoa, soñándoa, apaixonados pola súa cultura, a súa paixase, a súa historia, unha historia debuxada en versos de poetas malditos e prometeran ir, xuntos, algún día. Podería parecer unha tolada, pero...

Cando o viu aparecer na súa Yamaha negra, sorriu inevitablemente ante a expectación da xente que a observaba ó pasar fronte a ela, alí, sentada nun portal, cunha mochila pousada entre ós pes e a mirada perdida ó lonxe, nunha distancia que se ía acurtando á mesma velocidade coa que circulaba a moto.


A xente colábase entre os dous intentando romper os fíos da fantasía que teceran en soños de bar. O aire xogaba cos destelos das miradas nun intento de

terxiversalas. As palabras xurdiron cunha suavidade que tremía na dozura dos seus beizos:

— ¿Ceamos en Lisboa?

As afirmacións son escusas verbais que perden o seu sentido cando os ollos confirman o inescusable. Eso debeu pensar ela porque non contestou á pregunta, ou tal vez a súa resposta fíxose irrefragable nun corpo que se ergue, nuns pasos que se acercan, nunhas mans que se aferran, no contacto da pel que transpira desexo a través dos tecidos que a afastan e que a encarceran. A súa resposta foi evidente e a confirmación tiña forma de ruxido de motor e cheiro a carburante.

A sucesión de imaxes, de formas, de texturas mesturadas de vento, a paisaxe transformada en fotogramas illados, o contacto co seu corpo cálido e ó mesmo tempo hermético, a variación de pulsacións dun corazón que palpita baixo a armadura de



**Falaran daquela cidade
durante todo o tempo,
imaxinádoa, percorrédoa,
soñádoa, apaixonados
pola súa cultura,
a súa paixase,
a súa historia, unha historia
debuxada en versos
de poetas malditos.**

coiro que o protexe da frialdade do vento. Campos, casas, igrexas, árbores, cruces de camiños, todo un repertorio de postais en movemento vistas tralo obxectivo dunha cámara inexistente que rexistra a transformación das cores, mesturándoas nun encadeamento de liñas que rematan na constante do horizonte.


Por un intre desexa que non remate a viaxe, ansía quilómetros e quilómetros de asfalto, pero o aire xa

cheira a un mar distinto que se filtra polas randixas do casco, a un mar novo que fala unha lingua doce, un mar cheo de acordos que brotan das olas compondo fados de espuma.

Aparcaron preto da Praza do Comercio, apagábase setembro e as cadeiras e mesas das terrazas apilábanse ó lado das portas das tabernas, ela insistiu en sentarse fora e o taberneiro insistiu en servilos dentro, culpando ó tempo de presentarse



Aparcaron preto da Praza do Comercio, apagábase setembro e as cadeiras e mesas das terrazas apilábanse ó lado das portas das tabernas.



cun outono apresurado. Gañou ela. De agora en adiante sempre gañaría ela. Fose como fose, non volvería a perder e fixo un imaxinable xuramente tirando a colilla ó chan e esmagando a cinsa co zapato nun xesto extremadamente masculino que, por outra banda, resolveu a discusión co dono do bar. Este levantou os brazos mentres camiñaba cara o interior nun aceno de incompreensión e asentimento que os fixo rir cunha expresión de complicidade :

— Sempre sabes o que queres ¿non si? Dixo el mentres arrimaba unha das cadeiras apiladas.

— So sei que quería sentarme fora.

Acendeu outro cigarro paseniñamente, mirando á distancia sen fixar a vista nun punto concreto, atravesando a néboa da tarde que comezaba a caer

sobre a cidade. Gustáballe esa especie de manto plumizo típico das cidades do litoral. Gustáballe a bruma das mañás que alongaba o mar mais alá dos seus propios límites fundindo auga e terra nun horizonte indivisible.

Non falaron nada ata que o taberneiro chegou cunha libretíña entre as mans e un lapis por riba da orella. Aínda non lle cambiara a expresión de aturdimiento que agora mesturaba cunha mirada de resignación típica dun home acostumado as rarezas dos turistas. Pediron unha cea lixeira, con viño do país e o home deixoulles sobre a mesa unha bandexa de pan e unhas cuncas con manteiga para ir abrindo boca. Quedaron sos, sen mirarse, sen falar, sen untar a manteiga no pan. Entón el comezou a recitar en voz baixa:

*O noso amor é de combate. De coragem.
O noso amor é de saudade. De cidade.*



Acendeu outro cigarro paseniñamente, mirando á distancia sen fixar a vista nun punto concreto, atravesando a néboa da tarde que comezaba a caer sobre a cidade.

Ela sorriu ó escoitar aqueles versos de Manuel Alegre, pero non se moveu, so cando decidiu continuar o poema, ollouno fixamente, mais alá das súas retinas, mais alá do mar, e sentiu a súa propia voz falar a linguaxe que lle devolvía os soños:

*Amor sem casa, amor sempre em viagem.
O noso amor é esta eternidade
de passagem.*

Non se decataran de que o taberneiro estaba tras deles escoitándoos coa bandexa da ensalada nas mans:

- ¿Falan portugués? Dixo cambiando a expresión inicial por unha algo mais amable.
- Non- só eran uns versos que viñeron á memoria.
- ¿Veñen para moito tempo?



— Eu sí, dixo ela. Ficarei en Lisboa.

Esa afirmación sorprende, non so e el que a mirou interrogante, senón a ela mesma. Pero estaba segura, tan segura como cando dixo, vinte anos atrás “*ficarei onda tí*”.

Ela prometéralle seguilo sempre, ó seu carón, nin detrás nin diante, pero el abandonouna, despois de percorrer un camiño intransitable, desolado, destructivo. Só se salvou ela, a mais débil. Parecía increíble.

Cando trasladaran o Cuartel da Garda Civil ó seu pobo ela só tiña quince anos. Suso era de Lugo e a primeira vez que o viu vestido co uniforme de gala para a inauguración do cuartel non puido reprimir un esbozo de sorpresa e admiración que tratou de agachar tras unha mal disimulada timidez. Ela era a filla do alcalde e todo era na súa vida tan sinxelo como evidente. Ata Suso. Casaron catro anos despois e tras dous anos de convivencia angustiada na casa dos seus pais e con Miguel en brazos marcharon para ó Norde, crendo nunha liberación imposible e imperfecta.

Ela prometéralle seguilo sempre, ó seu carón, pero el colleu atallos e perdéronse. Miguel creceu sen que ninguén se decatara das pegadas que os anos deixaban na súa pel. Ela estaba sempre demasiado ocupada en non perder o maldito camiño que iniciara con Suso e Suso estaba sempre demasiado obsesionado coa supremacía do home sobre o home.

Miguel extraviábase nas rúas estreitas bombardeando con berros e consignas un pobo maltratado e ferido. Enchíase de poder e convicción con cada pintada escupida nas portas, con cada contedor queimado, con cada comercio esnaquizado, crescendo en berros, crescendo en odios, crescendo en rancores alleos e escondendo baixo unha mirada infantil o resentimento e desprezo ante un mundo que o abasallaba dende o berce cunha autoridade desmedida. Miguel decidiu

loitar por detrás contra o que tiña por diante. E, cada cea familiar saldábase con varios feridos que afogaban na angustia de romper cunha guerra que non era súa.

Suso tamén se agachaba. Agachaba o medo tras unha virilidade enganosa, agachaba a incerteza tralos berros de xustiza, agachaba o desacougo tras un arma que empuñaba temeroso cando confundía ós inimigos. ¿E ela? Ela, ameazada de morte polo amor, empeñábase en ficar alí, ó carón dos seus homes, branco de balas inxustas, vítima de odios malparidos, única culpable da decadencia dunha xuventude enfermiza e dunha madurez desauiciada.

Despois de cear baixaron pola rúa a pe, collidos da man. O dono da taberna faláralles dunha pensión xeitosa ó dobrar a esquina na que poderían durmir. El mirouna camiñar ó seu carón, pequena, lixeira, sinxela, cunha suavidade nos ollos da que non se decatara ata ese momento. El mirouna camiñar e pensou que, tal vez, era demasiado fermosa e, soltándolle a man, estreitouna contra o seu corpo sen parar de andar, rodeándoa co brazo. Ela admitiu que non lembraba ser abrazada dese xeito e escondeu no seu peito o frío dunha vida desamparada, como se o pasado desaparecera en cada lastro da beirarrúa, pisoteado por un presente perfecto, harmónico.

O cuarto resultou acolledor a pesar da impresión algo desolada que daba o exterior da casa. Todo estaba increíblemente limpo e maravillosamente conservado, ademais de que, dende unha das fiestras, podíase ver o mar e as luces do porto. Cansa e co corpo trasnoitado, decidiu darse unha ducha quente mentres el abría as contras do balcón deixando que o vento salgado da noite arrastrara ata o cuarto queixumes lonxanos. Arrastrou unha cadeira, serviuse un brandy do moble-bar, sentouse alzando as pernas sobre a varanda e deixouse invadir pola noite palpitante de Lisboa.

Os espellos do cuarto de baño enchéronse de vapor tan axiña que tivo a increíble sensación de



sumersirxe nun deses buratos negros onde todo desaparece de súpeto para aterrar nun espacio distinto e insólito. Aínda que ela recoñeceu de seguida o lugar no que se atopaba.

Podía recoñecer os montículos de terra que evitaba pisar cando era nena, as flores plastificadas en tarros recubertos de papel de aluminio que, coas súas amigas da infancia, xogaba a identificar segundo a forma: este era de cacao, este de café, e este ... de lavabaixelas. O lugar era o mesmo tantos anos despois, e tantos anos despois, xogaba a identificar as dúas caixas idénticas, xogaba a adiviñar a maldita razón que levara a Miguel a atender contra aquel autobús, a estúpida reacción dun neno disfrazado de home baixo o anonimato dun pasamontañas, xogaba a que era mentira, a que as caixas estaban baleiras, dúas caixas iguais.

Pero non o era, ela vira o corpo do seu fillo tirado na rúa, tapado cunha desas sabas igual cos tarros das flores, feitas con papel de aluminio, pero non tivo que xogar a identificar nada, porque Miguel seguía a ser Miguel baixo aquel inescrutable envoltorio. Non era mentira, porque ó chegar á casa descubriu o corpo de Suso derrubado sobre o sofá. Non lle cumpría malgastar outra bala, a que atravesara a Miguel unhas horas antes atravesouno a el moito antes de baleirar o cargador. E ela xogou a adiviñar quen estaba en cada caixa. ...ata que pensou que naquela tumba non cabía ninguén mais.

Coa toalla rodeando o seu corpo espido e mollado acercóuselle por detrás acariñándolle os cabelos docemente. El deixouse adular por aquelas mans deitando a cabeza e recibindo no rostro as gotas de auga aínda quentes que resvalaban da súa pel bañada de mares. Ela bebeu dos seus beizos o alcol rezumante do brandy. El fartouse de peitos sedentos de espuma. Ela rastrexou seu corpo ata destruír fronteiras e derrubalos límites da ansiedade. El navegou no seu ventre loitando coa marexada da paixón. E ela, nun balcón dun motel da Lisboa vella, baixo a única mirada dunha lúa enchida de

buracos de tempo e co rumor dun mar que fala unha lingua doce, atopou o único lugar do que non quería fuxir.

O noso amor é de combate. De coragem.

O noso amor é de saudade. De cidade.

El sorriu ó escoitar aqueles versos, entón coas súas mans grandes que podían acoller o rostro dela por completo, separouna un pouco do seu peito, ollo-una fixamente, mais alá das súas retinas, mais alá do mar, e sentiu a súa propia voz falar a linguaxe que lle devolvía os soños:

Amor sem casa, amor sempre em viagem

O noso amor é esta eternidade

De passagem.

So entón pensou que non sabía nada dela –dúas cervexas non dan para coñecer a ninguén– so que era pequena, lixeira, sinxela, de ollos suaves e tal vez, demasiado fermosa. O único que sabía realmente, era que ficaría en Lisboa..... quizais para sempre.



**Cansa e co corpo trasnoitado,
decidiu darse unha ducha
quente. Os espellos do cuarto
de baño enchéronse de vapor
tan axiña que tivo a increíble
sensación de sumersirxe
nun deses buratos negros onde
todo desaparece de súpeto para
aterrar nun espacio
distinto e insólito.**

